| | | SALARIO BASE |
|---|---|---|
| GRUPO III | PEÓN | 27,35€/DIA |
| | APRENDIZ | 648,60€ (S.M.I) |

R. 0803

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

*Anuncio*

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e oito de marzo de dous mil dezasete (28/03/2017), acordou a aprobación do asunto que deseguido se menciona:

**BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

**1ª.- DENOMINACIÓN, APLICACIÓN ORZAMENTARIA E APROBACIÓN DAS BASES**

1.O presente **PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017** é un Plan propio da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2017 destinado aos 67 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nos artigos 32 e 33 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que regula a obriga das deputacións provinciais de "*aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os Concellos da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que estará a análise dos costes efectivos dos servizos dos concellos poderá financiarse con medios propios da Deputación, as achegas municipais e as subvencións que acorden a comunidade autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos presupostos ...*"

2. O Plan finánciase coas seguintes achegas:

a) Cunha achega da Deputación provincial por importe de 20.000.000 € e coas achegas que realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

A achega da Deputación financiase con cargo:

- Créditos do orzamento xeral de 2017.

- Créditos financiados con cargo ao remanente líquido de tesorería de 2016.

b) Achegas dos concellos: Nun importe equivalente ao mínimo obrigatorio do plan de obras e servicios –POS- do ano 2016 por concello.

Os concellos, a maiores, poderán complementar, con fondos propios ou provintes doutras Administracións Públicas, a achega da Deputación provincial.

3.- O órgano competente para a aprobación das presentes bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos concellos 2017 é o Pleno da Corporación, de acordó co establecido na lexislación de réxime local e na base adicional primeira das bases de execución do orzamento de 2017, inicialmente aprobadas.

**2ª.- ANTICIPOS**

Logo da aprobación definitiva do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, a Deputación Provincial poderá aboar un anticipo de ata o 80% sobre o importe total da achega, con dispensa de garantía e previa solicitude do concello.

Para o aboamento do devandito anticipo o Concello deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que se faga constar que a concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
3. Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o concello non executase ou xustificase a totalidade da cantidade ingresada por este concepto, o concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423. De non cumprirse esta obrigación, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento daquel pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

**3ª.- FINALIDADE E OBXECTO**

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos a Deputación aproba anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

**A.- FINALIDADE**

Co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, a Deputación provincial trata de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais.

O Pan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 supón unha profunda reformulación no que atinxe aos instrumentos de cooperación cos municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, básicamente, nun Plan Provincial Único que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo drásticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundizando así nas políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos levadas a cabo no exercicio 2016.

Xunto co anterior preténdese unha racionalización, simplificación e reducción dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención ou achegas, de tal maneira que a colaboración financieira da Deputación cos concellos queda concentrada neste Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

De conformidade coa Disposición Adiconal oitava da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, na redacción vixente, as Subvencións que integran o programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das autoridades locais, do mesmo xeito que as subvencións que integran plans ou instrumentos semellantes que teñan por obxecto levar a cabo funcións de apoio e cooperación municipal rexerase pola súa normativa específica, resultando da aplicación supletoria as disposicións da presente lei. Xa que logo resulta de aplicación supletoria a lexislación de subvencións a:

O procedemento de resolución destas axudas é o de réxime de concorrencia.

As axudas serán compatibles con outras para a mesma finalidade, tendo en conta que o importe da achega en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, supere o custo da finalidade subvencionada, de acordo co previsto no artigo 19.3 da LXS.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da Lei xeral de Subvencións e no artigo 33 do seu Regulamento, unha das obrigas do beneficiario é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras axudas que financien as finalidades incluidas neste Plan.

**B.- LIÑAS DE AXUDAS EN REXIME DE CONCORRENCIA AOS CONCELLOS QUE SE INCORPORAN AO PLAN ÚNICO**

Para cumprir coa finalidade de garantir a autonomía municipal, de forma que cada Goberno municipal decida e responda da súa decisión diante da veciñanza, suprímense 10 liñas de subvencións e achegas finalistas, destinado estes recursos orzamentarios ao finaciamento do Plan Provincial Único.

As liñas de axudas en concorrencia, desta Deputación, que se suprimen no exercicio 2017 son as que de seguido se indican, polo que é importante salientar que para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos no exercicio da súa autonomía, poderán consignar nos seus orzamentos a cantidade que estimen, empregando as fontes de financiamento que consideren.

Actividades culturais.

Investimentos e equipamentos culturais

Actividades deportivas

Investimentos e equipamentos deportivos

Actividades turísticas.

Investimentos en Turismo

Desenvolvemento Servizos Sociais: SAF

Programa Depuemprego

Aforro e eficiencia enerxética

Comunidades veciñais.

Axudas para eventos turísticos, festas, feiras, mercados, etc.

**C.- OBXECTO**

Para acadar estas finalidades, os concellos poderán solicitar a aplicación dos fondos provinciais asignados aos seguintes plans e programas:

**C.1 - PLAN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2017. INVESTIMENTOS**

O concello deberá destinar a achega da Deputación ao financiamento de investimentos de competencia municipal, de acordo cos seguintes criterios:

Cada municipio deberá destinar a investimentos, como mínimo, **o 50 por 100 do importe total do plan que lle corresponda.**

No Plan Único pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos citados artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Os custes de redacción de proxectos, prescripcións técnicas e outros estudos ou documentos técnicos necesarios para executar os investimentos ao igual que os gastos derivados da dirección en cada caso requerida para a súa execución, poden ser financiados con cargo aos fondos deste plan.

Con cargo ao Plan Único non se poderá financiar gasto correntes agás os destinados aos programas SAF, Depuemprego, actividades culturais e deportivas e a celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e análogos, nos termos establecidos nestas bases.

**C.2.-PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR 2017**

Esta liña, integrase nas prioridades do orzamento Provincial, conforma unha acción específica do Estado Social, cumpre co establecido no artigo 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e nos artigos 52, 54, 63 e concordantes da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos socias de Galicia.

Cada concello vén obrigado a destinar ao financiamento do servicio de axuda no fogar, como mínimo, unha contía igual ao importe da aportación efectuada pola Deputación provincial en 2016, con cargo ao convenio de colaboración asinado coa Deputación para esta finalidade.

A cantidade determinada como mínima poderá ser incrementada polos concellos con cargo aos fondos do Plan Único, respetando os mínimos establecidos para os outros programas.

**C.3.-PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017**

Destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servicios mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, de conformidade coa normativa aplicable, sempre que se cumpran cos requitos establecidos nestas bases.

Cada concello vén obrigado a destinar ao financiamento do programa Depuemprego 2017, como mínimo, unha cantidade igual a achega da Deputación provincial no exercicio 2016 ao programa Depuemprego.

**C.4.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.**

Con carácter xeral establécese un teito de gasto en actividades culturais e deportivas que os concellos poderán destinar con cargo ao Plan único 2017 da Deputación de Lugo de acordo ao seguinte:

Con cargo aos fondos do Plan Único 2017 os concellos poderán destinar a actividades culturais (escolas de música, teatro e outras) até un máximo de 8.000 euros.

Con cargo aos fondos do Plan Único 2017 os concellos poderán destinar a actividades deportivas até un máximo de 8.000 euros.

Excepcionalmente, aqueles concellos que no exercicio 2016 teñan contado con un convenio de colaboración específico para alguna actividade de este tipo (culturais e/ou deportivas), o teito de gasto destinado a tal fin, con cargo aos fondos do Plan único 2017 será o mesmo que o do importe da axuda concedida no exercicio 2016, sempre e cando a actividade sexa a mesma.

**C.5.-CELEBRACIÓN DE EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS**

Con carácter xeral, os concellos poderán destinar á promoción turística local, feiras, mercados, festas de exaltación de productos e recursos locais, profesións e semellantes, como máximo 6.000 euros.

Excepcionalmente, aqueles concellos que no exercicio 2016 teñan contado con un convenio de colaboración específico para alguna actividade de este tipo o teito de gasto destinado a tal fin, con cargo aos fondos do Plan único 2017 será o mesmo que o do importe da axuda concedida no exercicio 2016, sempre e cando a actividade sexa a mesma.

**C.6.-EXCLUSIÓNS**

En ningún caso, os Concellos poderán financiar, total ou parcialmente, con cargo aos fondos do Plan único 2017 actividades nas que se empreguen animais que non sexan domésticos e para a súa exposición, exhibición

e/ou comercialización; aos que se lles instigue sufrimento, tales como touradas; que se atopen en cautividade e/ou se empreguen para a súa explotación en espectáculos, tales como circos nos que se empreguen animais.

En ningún caso os Concellos poderán financiar, total ou parcialmente, con cargo aos fondos do Plan Único 2017 aqueles eventos nos que se faga un uso sexista da identidade sexual ou nos que se celebren actividades que poidan ter a consideración de pexorativas da identidade de xénero ou sexual.

**4ª.- CRÉDITOS FINALISTAS E APORTACIÓNS MUNICIPAIS MÍNIMAS.**

Sendo a finalidade do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017 constituir o instrumento que a Deputación Provincial pon ao servizo da autonomía dos municipais, soamente son finalistas os seguintes créditos orzamentarios e polas cantidades que se indican que consitúen a cantidade mínima obrigatoria para cada plan e programa e municipio:

a. Investimentos

- Deberán adicar a investimentos unha cantidade equivalente ao 50% do total da axuda asignada.

b. Servizo de axuda no fogar.

- Cada concello vén obrigado a destinar ao financiamento do servicio de axuda no fogar, como mínimo, unha contía igual ao importe da achega feita pola Deputación provincial en 2016, con cargo ao convenio de colaboración asinado coa Deputación para esta finalidade.

c. Fomento do emprego ( Depuemprego).

- A aportación provincial ao programa Depuemprego 2016.

**5ª.- DETERMINACIÓN PARA OS GASTOS CORRENTES CON CARGO A ESTE PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN-2017.**

En ningún caso se poderá financiar con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2017, gastos correntes para finalidades distintas das previstas nesta base. O incumprimento desta condición dará lugar á tramitación do correspondente procedemento de reintegro.

**6ª.- PROXECTOS TÉCNICOS E AUTORIZACIÓNS**

En todo caso, os investimentos propostos deben ser aqueles para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións doutras Administracións Públicas ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por técnico competente.

Non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no Plan.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluirán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recomédase consultar a "ficha municipal" cos datos do concello que figura na páxina web desta Deputación e na páxina idealugo.es, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e demais datos.

Os datos de cada concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente Memoria.

**7ª.- INVESTIMENTO MÍNIMO POR OBRA OU SUBMINISTRACIÓN**

O importe mínimo de cada obra a incluir no Plan Único 2017 será de 10.000 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 3.000 € (IVE incluído).

**8ª.- PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017**

Incardínase dentro do Plan Único o Programa Depuemprego a desenvolver polos concellos baixo os seguintes condicións ou requisitos xerais:

a) As obras, servios e actividades a executar deberán ser prestados polas respectivos concellos entidades beneficiarias en réxime de execución pola propia administración

b) Deberán favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar

c) Ser prestados ou executados no ámbito municipal

d) Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia e eficiciencia

e) Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno

**8ª.1.- Custes financiables con cargo ao Plan Único**

Os custes admisibles son a suma dos custos salariais imputables para os traballadores contratados ou nomeados, considerándose gastos admisibles os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade, como mínimo a fixada para o salario segundo o convenio colectivo no que se ampare o contrato. Inclúese como gasto admisible a indemnización por finalización de contrato.

De xeito xeral, considéranse gastos admisibles aqueles que de maneira inequívoca respondan á natureza da actividade laboral, sexan estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido.

Non terán a consideración de conceptos admisibles:

- As horas extraordinarias, así como os incentivos, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.
- Os gastos asociados a despedimentos improcedentes ou nulos. No caso de que se produzan, procederase ao reintegro da cantidade concedida asociada ao traballador despedido.
- Sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais relacionados co ámbito laboral entre as partes.
- Os incrementos salariais.
- A roupa de traballo.

Os contratos ou nomeamentos realizados ao abeiro deste plan poderán formularse de acordo a calquera modalidade prevista na lexislación vixente e ata o 31 de outubro de 2017. Admitiranse os gastos xerados como máximo durante 12 meses dende a data da sinatura dos contratos ou dos nomeamentos e ata o límite temporal do 31 de outubro de 2018.

E imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, quedando excluídas os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

**8ª.2.- Prazos de execución**

O concello terá que facilitar á Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio procedemento de selección, unha copia das bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional, así como calquera outra documentación relacionada co mesmo.

O prazo para iniciar a contratación será dende a notificación da aprobación definitiva do Plan Único.

O prazo de execución remata o 31 de outubro de 2018.

**8ª.3.-Compromisos das partes**

A contratación ou nomeamento deste persoal para o desenvolvemento do servicios mínimos ou obras esenciais non implica relación laboral nin estatutaria ou funcionarial algunha entre estes traballadores e a Deputación Provincial de Lugo, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos e ou accións acaecidos/as durante o desenvolvemento das actuacións.

**8ª.4.- Obrigas do concello**

- O Concello será o responsable e promoverá o proceso de selección e posterior contratación ou nomeamento do persoal, e farao de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e a non discriminación e co disposto pola lexislación vixente, previa comunicación o servizo de emprego da Deputación Provincial para dar publicidade a tódalas fases do procedemento.
- O concello terá que facilitar á Deputación Provincial de Lugo o prazo e procedemento da convocatoria para dar publicidade na paxina web institucional. Igualmente deberá comunicar coa mesma finalidade, todas as convocatorias e e actos administrativos que publique nos medios e formas que correspondan, para a debida publicidade na paxina web da Deputación provincial.
- O concello deberá asinar co/s traballador/es un contrato laboral (non mercantil) ou nomeamento, en calquera modalidade prevista legalmente, sendo preciso que, como mínimo, sexa a media xornada.

Para todos os efectos, este contrato rexerase pola lexislación laboral vixente e en ningún caso existirá ningunha relación contractual nin estatutaria ou funcionarial coa Deputación Provincial.

- O concello terá que facilitar as persoas contratadas roupa de traballo, sempre que así o esixa o posto obxecto de contrato ou nomeamento, e na que deberá figurar que o gasto de contratación do traballador é financiado pola Deputación mediante a impresión na mesma dos logos da Deputación.
- Facilitar ao traballador contratado os medios técnicos, materiais e de seguridade (EPI) necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo así como a lexislación de datos de carácter persoal así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da achega.
- O concello comprometerase a publicitar a aportación provincial e a facer constar sempre a financiación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións polas que se da a coñecer a relación das actividades dos servicios.
- Empregar a achega outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do plan.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude de adhesión inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Asumir os custes non admisibles.
- Dilixenciar os xustificantes de gastos (nóminas) co texto "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo".
- Conservar os documentos xustificativos da axuda, incluídos os documentos electrónicos, que podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Autorizar a publicidade prevista nestas Bases.

**9ª.- PROGRAMA SERVIZO AXUDA NO FOGAR 2017.**

**9ª.1.- Obxecto**

Financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrencia, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo ao servizo de axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente.

Ao abeiro do citado SAF, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico, con cargo ao financiamento deste Plan:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.
c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
d) Atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar., para os caso regulados no punto 3 do artigo 14 do Decreto 99/2012.
O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario:
e) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
f) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de limitación temporal, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas, agás a teleasistencia e outras medidas complementarias a esta.

Entenderase como actuación do SAF financiable ao abeiro do presente Plan, calquera outra que se poda desprender do sinalado como actuacións pertencentes ao *SAF* na modalidade básica segundo o establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar, da Xunta de Galicia, así como, as dúas modalidades complementarias enumeradas e) e f).

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros ata o 100% do importe da actividade financiada, tendo en conta o establecido na normativa de contratos do sector público, así como, no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito Servizo non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación Provincial de Lugo, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto deste Programa

**9ª.2.- Gastos imputables**

Considerase gastos imputables a este Plan con cargo ao programa do SAF, aqueles gastos correntes destinados a bens e servizos necesarios e que de maneira indubitada respondan á natureza das actuacións propias e derivadas da posta en marcha e desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrencia, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios, na anualidade 2017. Neste poderanse incluír gastos indirectos na parte que razoadamente corresponda, ata un máximo do 10%.

Entenderase como **custo efectivo do servizo**, a cantidade resultante de restar ao importe total do mesmo a cantidade achegada polos usuarios do servizo e outras fontes de financiamento.

**9ª.3.- Obrigas**

**a. Obrigas dos Concellos**

i. Poñer a disposición os recursos humanos e materiais necesarios para velar por un axeitado funcionamento do SAF na prestación básica en réxime de acceso en libre concorrencia, para persoas non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios.

ii. Trasladar a todas e cada unhas das persoas que sexan usuarias do SAF financiado pola Deputación de Lugo tal circunstancia, a través dunha comunicación escrita, que será remitida ao Servizo de Benestar desta entidade provincial, unha vez asinada pola persoa usuaria. Esta comunicación, cuxo modelo será facilitada só será necesario achegalo unha vez por usuario e ano.

iii. O Concello terá a obriga de establecer as formas de xestión do SAF de libre concorrencia, podendo prestar o servizo público de axuda no fogar, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente en materia de contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

iv. Ase mesmo, deberá regular as modalidades e de acceso ao servizo por parte dos posibles beneficiarios/as, en aplicación dun baremo público, a intensidade na prestación do servizo, así como, a participación no financiamento das persoas usuarias, tendo en conta o establecido na normativa vixente en materia de servizos sociais, especialmente no sinalado na LSSG, o Decreto 99/2012, e na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar, da Xunta de Galicia.

v. Facilitar toda aquela información relativa ao Servizo de Axuda no Fogar financiado pola Deputación Provincial de Lugo, para que dende esta entidade provincial se poda efectuar as labores de control e inspección que se consideren oportunas.

vi. Destinar cando menos, o mesmo importe financiado pola Deputación de Lugo para o Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, isto é, o SAF de libre concorrencia do ano 2016. Entenderase que o importe finalmente financiado para o ano 2016, será aquel que resultou correctamente xustificado e aprobado como custe efectivo do servizo, isto é, a cantidade resultante de restar ao importe total do SAF a cantidade achegada polos usuarios do servizo e outras fontes de financiamento, e que finalmente abonou a Deputación de Lugo ao concello.

**b. Obrigas da Deputación Provincial.**

i. Deputación Provincial de Lugo se encargará de colaborar no financiamento das actuacións desenvolvidas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrencia, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo ao servizo de axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente., enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios, cunha achega mínima igual á aboada con cargo á anualidade 2016.

ii. Así mesmo, a Deputación Provincial de Lugo deberá comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a condición de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, no marco da normativa de protección de datos.

**10ª.- CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DO PLAN ÚNICO**

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello calcúlase mediante a aplicación dun parámetro de financiación mínima e máxima, que constitúen a financiación fixa con cargo ao Plan Único.

Con tal carácter establécese unha financiación mínima por Concello de 150.000,00 euros e unha máxima de 500.000,00 euros, de tal xeito que unha vez feitos os cálculos se algún concello superara dita financiación máxima, esta outorgaselle de forma automática e non se teñen en conta os seus correspondentes datos no cálculo da financiación por variables.

A financiación variable determinase por aplicación ponderada das seguintes variables:

- Poboación: 40 por 100
- Entidades de poboación: 25 por 100
- Superficie: 20 por 100.
- Índice de envellecemento: 15 por 100

A cada concello comunicaraselle a cantidade total que se lle asigna, que poderá destinala aos distintos programas incluídos neste Plan único, respetando as bases específicas para cada un destes programas.

Non será de aplicación o establecido no art. 36 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa obrigatoriedade de que dentro dos criterios de reparto teña que figurar a "***análise dos costes efectivos dos servizos dos municipios***" xa que á data das presentes bases non se teñen publicados ditos custes polos concellos da Provincia.

**11ª.- ACHEGA MUNICIPAL**

A achega municipal con cargo a fondos propios, virá desglosada para cada investimento e, no seu caso, actividade, con indicación separada da parte que se financia con cargo á Deputación provincial da soportada polo concello, co compromiso do seu financiamento asumido expresamente no acordo municipal de aprobación da proposta de Plán Único 2017.

**12ª.- BAIXAS DAS LICITACIÓNS**

As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación sometaranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida e tramitada a proposta municipal, no prazo máximo de un mes a contar desde a data en que o expediente tramitado ao efecto se atope completo; de non notificarse, no prazo de dous meses desde o seu completo, acordo en sentido contrario por parte da Deputación Provincial, entenderase autorizado o investimento proposto polo Concello con cargo ás baixas obtidas da licitación.

**13ª.- NATUREZA XURÍDICA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

As aportacións da Deputación con cargo ao Plan Provincial Único teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal rexense en primiero lugar por estas bases e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administratrivo común das administración públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de rexime xuridico do sector público, polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial publicada no BOP nº 53 de 07 de marzo de 2005, con unha modificación publicada BOP nº 160, de 13 de xullo de 2006.

**14ª.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Sede Electrónica da Deputación. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro.

As solicitudes e demais documentación necesaria, agás os proxectos técnicos, poderán presentarse tamén en papel.

O prazo de presentación de solicitudes é DUN MES, contado a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos e programas incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación.

**15ª.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL**

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e por unha Memoria xustificativa da súa solicitude.

i. Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente (ANEXO I).

Certificación do acordo, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á Deputación provincial a aplicación do importe da achega provincial para a realización dos posibles obxectos e programas previstos na Base 2ª.C), detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e o seu financiamento desagregado, no seu caso, así como o resto do contido previsto no Anexo I.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan se voluntariamente existe achega do concello.

ii. Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretenden alcanzar tendo en conta, moi especialmente os déficits infraestructuras, servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestrutura e equipamento local.

- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.

- Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.

iii.- Outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

**16ª.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS PROGRAMAS**

**16ª.B.1.- Obras e subministracións**

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; nos supostos de investimentos para os que non sexa legalemente preciso a redacción de proxectos técnicos achegaráse Memoria, orzamento e estudio básico de seguridade e saúde.

De non dispoñer de proxecto técnico na data de formalización da solicitude sinalada na Base anterior, poderá presentarse unha Memoria descriptiva do obxecto, que incluirá o correpondente orzamento.

En todo caso, os concellos veñen obrigados a remitir en formato dixital (CD) unha copia do proxecto técnico aprobado, co obxecto de utilizar os datos na actualización da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

**i.Obras**

Os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, que en síntese son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orden que deban terse en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle, con cartografía xeograficamente refrenciada, necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución, e que en todo caso deberá cumprir o

contido mínimo establecido no artigo 68 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Reglamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser financiables con cargo ao plan único, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, licenzas e autorizacións.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación "Marca CE".

No caso de incluír "partidas alzadas", o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudio básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) Non se farán referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso os relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidraúlicos, etc). Únicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo cos apartados 3 e 4 do artigo 117.8 do citado Real decreto lexislativo e deberá engadirse a mención «ou equivalente».

i) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

**ii. Subministracións**

No caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas, respetando o contido mínimo establecido no artigo 68 do RD 1098/2001, e que deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, que no caso de incluír varias subministracións, deberán ter carácter homoxéneo, os antecedentes, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada.

b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no apartado i) dos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orzamento deberán ser obxecto de axuda, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación "Marca CE".

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia. No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento entenderase incluído o prezo do transporte.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración.

**16ª.B.2.- Autorizacións (ANEXO V)**

O Concello deberá acreditar mediante declaración responsable asinada polo señor/a Alcalde/sa que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, con indicación de que o concello xa conta con elas ou, no seu caso, que xa as solicitou. Neste último caso, a aprobación destes investimentos quedará sometida á condición de que o concello obteña dita autorización e a que o proxecto cumpra coas condicións que, no seu caso, se establezan nas mesmas. En todo caso, cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse na declaración responsable que, segundo os informes técnicos a tal efecto emitidos, o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

**16ª.B.3.-Supervisión**

No suposto de ser necesaria a supervisión do proxecto, de acordo co establecido no artigo 125 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, o informe de supervisión poderá ser realizado por Técnicos da Deputación provincial previa solicitude.

**16ª.B.4.-Fases**

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., a declaración responsable prevista no parágrafo anterior xustificará, de non facelo na Memoria do Proxecto Técnico ou na Memoria valorada previstos na Parágrafo B.1 destas bases, deberá acreditar que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86.3 do citado Real decreto lexislativo 3/2011 ou, no seu caso, que se cumpren os requisitos e condicións establecidas na Disposición adicional segunda.11) da citada Norma.

**16ª.B.5. - Dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)**

O concello deberá acreditar, mediante declaración responsable asinada polo/a Alcaldía que figura como modelo Anexo VI, que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos.

**17ª.- APROBACIÓN DO PLAN**

1. Á vista da documentación dos concellos, o Pleno da deputación aprobará o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos obxectos e programas solicitados.

2. Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas.

3.- No caso de se presentaren alegacións serán resoltas e aprobado definitivamente o Plan único de cooperación cos Concellos 2017 polo Pleno da Deputación.

4.- De non efectuarse alegacións entenderase aprobado a todos os efectos unha vez vencido o antedito prazo de exposición pública.

**18ª.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS**

1. Os concellos contratarán os investimentos de acordo co Texto refundido da lei de contratos do sector público, mediante procedemento e formas de adxudicación legalmente establecidos.

2. Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público.

3. En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, e coa finalidade de poder aplicar no mesmo ano os remanentes que se poidan xerar tras a adxudicación dos investimentos, os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2017. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello.

4. Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)

5. Os concellos, de non contar cos medios técnicos suficientes e decidir que a contratación das obras se realice polos Servizos desta Deputación, deberá solicitarse e remitir a esta Deputación antes do día 1 de xullo de 2017 a seguinte documentación:

- Dous exemplares do proxecto que deberá comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do TRLCSP, redactado por un técnico competente na materia.
- Compromiso firme de financiamento, acreditado por certificación na que se faga constar que o crédito para a achega municipal figura consignado e retido para o pagamento das obrigas derivadas da execución da obra.
- Certificación de que se dispón dos terreos necesarios para a execución da obra. Se é necesaria a ocupación de bens de propiedade privada, o proxecto ao que se refire o apartado 1º deberá reunir os requisitos esixidos na vixente Lei de Expropiación Forzosa: plano parceiro, relación de afectados con indicación de superficie a ocupar, situación das parcelas e domicilio dos propietarios.
- Ademais deberá engadirse certificación municipal que acredite a cualificación urbanística das parcelas.
- Licencias, autorizacións e concesións administrativas que sexan necesarias para realizala.

Transcorrido o prazo sinalado (1 de xullo de 2017), non se tramitará ningún expediente por esta Deputación, debendo ese Concello asumir a responsabilidade da súa contratación e envío da documentación relativa a adxudicación e formalización dos contratos antes das datas sinaladas.

**19ª.- EXECUCIÓN DO INVESTIMENTOS**

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do concello.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

**20ª.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL.**

Logo da aprobación definitiva do Plan único a Deputación poderá facer un anticipo con cargo ao mesmo nos termos da base 2ª ).

A liquidación definitiva das achegas da Deputación provincial realizarase, logo da aprobación pola Deputación da conta xustificativa global do Plan Único que deberá presentarse antes do 15 de novembro de 2018, e que será o resultado das Contas xustificativas parciais de cada Programa o obxecto daquel, que se rendirán no prazo establecido nesta base

O pago da achega da Deputación realizase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos e programas do Plan.

A aprobación da Conta xustificativa global do Plan Único determinará a aportación definitiva da Deputación a cada concello.

A non presentación en prazo da conta xustificativa global do Plan Único ou das contas xustificativas de cada Plan ou Programa incluído nel, dará lugar á tramitación do procedemento de reintegro total ou parcial da achega provincial.

**20ª. 1.- Xustificación da achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións.**

A conta xustificativa dos investimentos expresará as fontes de financación do mesmo o os repectivos importes en términos de obrigas recoñecidas e pagos realizados.

Á conta xustificativa uniranse:

- Memoria de actuacións realizadas.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:
    - Relación clasificada de gastos para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento para cada actuación.
    - Certificacións de obra, a certificación final, actas de comprobación do reformulo e de recepción, facturas e acreditación dos pagos e aprobación das mesmas polo órgano competente.
    - Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello, do custo total da actuación, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actuación atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
    - Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas.
    - Declaración responsable emitida polo concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.
    - Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.
    - Declaración responsable na que se faga constar que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
    - Declaración responsable na que se faga constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.
    - Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
    - Fotografía do cartel oficial debidamente cuberto.

Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputatación antes do 15 de novembro de 2018. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno.

No caso de que as actuacións non poideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación será proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación de Lugo minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello non xustifique a execución da totalidade do importe asinado pola Deputación de Lugo, sempre que se considere que se cumpriu a finalidade para a cal se concedeu a financiación.

Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda autonómica, coa Deputación Provincial de Lugo e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**20ª.2.- XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPUEMPREGO**

A liquidación definitiva farase efectiva logo de comprobar por parte dos servizos da Deputación que o concello cumpre coas súas obrigas establecidas nestas Bases, sendo a data límite de vencemento do programa o 31 de outubro de 2018.

A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación, antes do 15 de novembro a conta xustificativa á que unirá a seguinte documentación:

- Memoria de actuación das actividades realizadas, que deberá incluír a descrición detallada dos servizos obrigatorios realizados. No caso de que sexa posible, deberá achegarse documentación fotográfica xustificativa.
- Memoria económica e xustificativa do custo das actuacións realizadas, que deberá incluír como mínimo os seguintes aspectos:
  - Certificación expedida polo interventor ou secretario municipal do custo total da actividade indicando os importes de financiamento e na que reflicta o período, ámbito xurídico de aplicación, posto de traballo, categoría profesional, importe bruto da nómina e o importe da Seguridade Social a cargo da entidade para cada un dos traballadores financiados ao abeiro deste programa.
  - Certificación expedida polo interventor ou secretario municipal na que se acredite:
    - Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que se reflicten nestas Bases
    - Que as contratacións ou nomeamentos efectuados polo concello, son novas contratacións e que non pertencen ao cadro de persoal no momento da contratación, e que realizáronse conforme aos requisitos e criterios establecidos nestas bases (publicidade, mérito e capacidade).
    - Que se cumpriron os criterios de publicidade da aportación provincial e de constancia da financiación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións polas que se deu a coñecer a relación das actividades dos servicios.
  - Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados, do período de vixencia do program.
  - Declaración responsable de non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin.
  - Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
  - Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Unha vez aprobada a xustificación polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

O abono do importe asignado, unha vez aprobada a conta xustificativa do mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo Concello. Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda autonómica, coa Deputación Provincial de Lugo e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación de Lugo minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello non xustifique a execución da totalidade do importe asinado pola Deputación de Lugo, sempre que se considere que se cumpriu a finalidade para a cal se concedeu a financiación.

A Deputación de Lugo reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste Programa

**20ª.4.- XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA SERVIZO AXUDA NO FOGAR 2017.**

a.O Concello acreditará diante da Deputación, o gasto dos fondos achegados pola mesma mediante a presentación de certificación acreditativa da aprobación das facturas, nóminas, TCs e, no seu caso, certificacións de gasto, sendo necesario que os mesmos se atopen pagados.

b. O Concello estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como dende o Servizo de Benestar Social, e en todo caso, está obrigada a achegar a seguinte documentación:

Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións establecidas nestas Bases, con indicación das actividades realizadas, temporalización, número e listaxe completa de beneficiarios da acción con indicación das horas de servizo prestadas a cada usuario/a na anualidade correspondente.

- Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada que conterá:
    - Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade financiada ao abeiro do presente programa, con identificación do acredor e documento, número de factura, importe e data de emisión e data de pagamento. Para os gastos de persoal indicarase para cada traballador/a e período mensual ou anual, tanto no referido a nóminas como a seguridade social, tendo que relacionar a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social a cargo da entidade. No caso de imputar ao presente programa gastos correntes derivados das medidas complementarias, recollidas na base 9.1 apartados e) e f), deberá presentarse una declaración responsable do/a traballador/a social no que conste que estas medidas foron aplicadas unha vez garantido o nivel básico de atención.
    - Certificación expedida polo interventor ou secretario municipal do custo total da actividade financiada ao abeiro do presente programa, indicando os importes do toda fonte de financiamento, acreditando que a relación clasificada de gastos atópase executada, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas. Ademais, acreditará que o servizo obxecto deste programa, foi realizado na súa totalidade co cumprimento das condicións que reflicten este programa.
    - Declaración xurada do representante da entidade das axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
    - Declaración responsable do representante do Concello, que conteña os seguintes puntos:
    - Que e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
    - Que asumiu o custo do IVE, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo, se é o caso. Este documento non será necesario presentar cando o concello só impute gastos de nóminas e seguridade social e non relacione ningún gasto que conleve IVE.

- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono a correspondente unha vez tramitada e aprobada a documentación xustificativa do SAF.

- Acreditación, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade ou noutros soportes análogos da actividade financiada ao abeiro do presente programa, dándolle publicidade ao mesmo, ou declaración responsable na que se faga constar que o Concello fixo constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo nas actuacións, e soportes, que se utilizaron na execución do presente programa.

3. O abono da achega, unha vez aprobada a xustificación da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo concello beneficiario. .

4. Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda autonómica, coa Deputación Provincial de Lugo e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

5. No caso de que non se xustifique a totalidade da achega mínima obrigatoria asignada ao SAF, dentro do Plan Único, se se considerara que se cumpriu coa finalidade para a que se financiou, procederase unicamente ó aboamento do importe de financiamento efectivamente xustificado. En todo caso, a cantidade asignada minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello_beneficiario non xustifique a execución da totalidade do importe comprometido, unha vez descontado o importe achegado por outras fontes de financiamento, para a o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrencia, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, *no ano 2017.* Por tanto, entenderase que o custo total do servizo a financiar pola Deputación de Lugo será o resultado do custo total do servizo menos o importe concedido por outras administracións ou entidades e o achegado por outras fontes de financiamento.

6. A Deputación de Lugo reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente programa.

7. Os concellos quedan obrigados a presentar diante desta Deputación provincial a documentación establecida nesta base dentro do prazo máximo de 3 meses a partir da finalización do Programa SAF 2017 e, en todo caso, antes do 31 de marzo de 2018.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación de Lugo minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello non xustifique a execución da totalidade do importe asignado pola Deputación de Lugo, sempre que se considere que se cumpriu a finalidade para a cal se concedeu a financiación.

O incumprimento do prazo aplicable establecido para a xustificación dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada na conta da Deputación e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata na que se acorde a procedencia do reintegro.

**20º.5.- XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS, DE EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS.**

A liquidación definiva farase efectiva logo de comprobar por parte dos servizos da Deputación que o concello cumpre coas obrigas establecidas nestas Bases, sendo a data límite do vencimento do programa o 31 de outubro de 2018.

A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación antes do 15 de novembro de 2018, a conta xustificativa á que unirá a seguinte documentación:

➢ Memoria de actuación das actividades realizadas, que deberá incluír a descrición detallada de cada unha delas.

➢ Memoria económica e xustificativa do custo das actuacións realizadas, que deberá incluír como mínimo os seguintes aspectos:

- Relación clasificada de gastos da actividade obxecto da axuda, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento
- Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello do custo total da actividade, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas.
- Declaración responsable na que faga constar as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade.
- Declaración responsable na que faga constar que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Declaración responsable de que o Concello asumiu o custo do IVE, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo, se é o caso. Este documento non será necesario presentar cando o concello só impute gastos de nóminas e seguridade social e non relacione ningún gasto que conleve IVE.
- Acreditación, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade ou noutros soportes análogos da actividade financiada ao abeiro do presente programa, dándolle publicidade ao mesmo, ou declaración responsable na que se faga constar que o Concello fixo constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo nas actuacións, e soportes, que se utilizaron na execución do presente programa.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación de Lugo minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello non xustifique a execución da totalidade do importe asinado pola Deputación de Lugo, sempre que se considere que se cumpriu a finalidade para a cal se concedeu a financiación.

Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda autonómica, coa Deputación Provincial de Lugo e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**21ª.- CARTEL E VISITAS INSTITUCIONAIS.**

**21.1** En todos os investimentos desenvoltos ao abeiro deste Plan único, deberá de estar instalado un cartel de obra ou actuación, segundo modelo que se facilitará pola Deputación Provincial.

De igual xeito, no resto de actuacións ou cando as características do investimento non posibiliten a instalación dun cartel, deberá figurar o apoio, axuda ou colaboración da Deputación nos medios, actuacións e soportes que se utilicen na execución de dita actividade.

As dimensións do cartel serán como máximo de 150 cm x 80 cm.

**21.2.** A representación institucional da Deputación poderá visitar as actuacións que se desenvolvan polos Concellos en execución deste Plan único.

Os Concellos deberán convidar a representación institucional da Deputación aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das diversas accións financiadas con este plan único.

**22ª.- XESTIÓN DO PLAN ÚNICO**

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

a. Plan Provincial de Obras e Servizos 2017: Servizo de Contratación e fomento.
b. Programa de axuda no fogar: Área de Benestar
c. Programa Depuemprego: Área de Emprego
d. Programa de actividades culturais e deportivas: Área de cultura e deportes respectivamente
e. Programa relativo a eventos turísticos, feiras, mercados e outros:
   1. Eventos Turísticos: Área de Turismo
   2. Eventos referentes a feiras, mercados e outros: Servizo de Contratación e Fomento.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

**Primeira.-** O Concello de Lugo deberá adicar o montante total da aportación da deputación a investimentos.

**Segunda**.- Os Concellos están obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das achegas.

**Terceira**.- En todos os casos, a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan único, para comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial.

**Cuarta**.- Transcurrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, o persoal de cada área xestora tramitará requerimento aos concellos beneficiarios para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles presenten a xustificación conforme a estas bases.

O incumprimento do prazo aplicable, vencido o adicional sinalado anteriormente, para a xustificación de cada programa, dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada, así como a esixencia de xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata no que se acorde a procedencia do reintegro.

**Quinta**.-A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Xunta de Goberno desta deputación.

**Sexta**.- A resolución de dúbidas: poderán formularse por teléfono ou correo electrónico e poderán ser respostadas a través da páxina web para que sexa unha información disponible para todos os concellos.

**Lugo, 29 MARZO de 2017.- O PRESIDENTE, Darío Campos Conde .- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.**

**ANEXOS (I / VIII-C)**

**PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017**

**ANEXO I**

**CERTIFICADO DO ACORDO DO ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE**

D./Dna.

Secretario/a do Concello de

**CERTIFICA**: Que o/a [(1)] deste Concello, na sesión realizada o día de de 2017, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1. Participar no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada a este Concello aos seguintes obxectos:
   a. **OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS**

| OBRA OU SUBMINISTRO | TOTAL CUSTO | APORTACIÓN DIPUTACIÓN | APORTACIÓN CONCELLO |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| TOTAL DESTINADO A OBRAS E SUBMINISTROS | | | |

   b. **PROGRAMA SAF**

| PROGRAMA SAF | APORTACIÓN DIPUTACIÓN |
|---|---|
| | |
| TOTAL DESTINADO SAF | |

   c. **PROGRAMA DEPUEMPREGO**

| PROGRAMA DEPUEMPREGO | APORTACIÓN DIPUTACIÓN |
|---|---|
| | |
| TOTAL DESTINADO DEPUEMPREGO | |

   d. **PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS**

| PROGRAMA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS | APORTACIÓN DIPUTACIÓN | APORTACIÓN CONCELLO |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| TOTAL DESTINADO DEPUEMPREGO | | |

   e. **PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS**

| PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS | APORTACIÓN DIPUTACIÓN | APORTACIÓN CONCELLO |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| TOTAL DESTINADO EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS | | |

2. Aprobar os proxectos das obras e/ou os pregos das subministracións incluídas na solicitude de participación e que se relacionan neste anexo.
3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto ou en trámite todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no Plan único.
5. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención ou axuda doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o financiamento das distintas actuacións incluídas nesta Plan único, eno caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións achégase detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma non supera o 100% do custo.
6. Autorizar a Deputación de Lugo a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar expresamente á Alcadía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e os correspondentes expedientes.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en a de de dous mil dezasete.

V. e prace

A Alcaldía

(1) Órgano competente (Pleno, Xunta de Goberno, ...)

**SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO**

**PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017**

**ANEXO II**

**MEMORIA DO PLAN**

| | |
|---|---|
| CONCELLO: | |
| DATA: | |
| NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA: | |

De acordo co esixido nas bases reguladoras do PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 emítese esta memoria relativa á súa elaboración:

**OBXECTIVOS DO PLAN**: (Débense describir os obxectivos que se pretenden alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, no relativo as obras e subministracións, moi especialmente os déficits detectados na Enquisa de Infraestructuras e Equipamento Local)

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**: (Deberán fixarse obxectivamente os criterios de selección dos distintos obxectos do Plan)

**FINANCIAMENTO**: (Analizarase e xustificarase o plan de financiamento previsto).

**OUTRAS CUESTIÓNS**: (Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

En a de de 2017.

Asinado:

**ANEXO III**

**PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017**

**CERTIFICADO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS**

D/n a. ______________________________

Secretario(a) do Concello de ______________________________

CERTIFICO: que esta Entidade adxudicou o contrato da obra/subministración cuxas circunstancias se expresan a continuación

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

1. OBRA/SUBMINISTRACIÓN
   a) Denominación ______________________________

   ______________________________ P.K. Do ó ______________________________

2. MUNICIPIO
   a) Denominación ______________________________

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN ______________________________

4. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN ______________________________

5. CONTRATISTA
   a)Denominación ______________________________ b)CIF/NIF | | | | | | | | | |

6. DATA DA ADXUDICACIÓN ______________________________

| **II. DISTRIBUCIÓN DO FINANCIACIAMENTO** | | | |
|---|---|---|---|
| PARTICIPES | **1<br>ORZAMENTO DO PROXECTO** | **2<br>ADXUDICACIÓN DO COTRATO** | **3<br>BAIXA<br>(1-2)** |
| 1. Deputación Provincial | | | |
| 2. Concello | | | |
| 3. Outros | | | |
| **TOTAIS** | | | |

E para que así conste, e para a súa remisión a Excma. Deputación Provincial de Lugo, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en

a de de

Vº. e Prace

O Alcalde-Presidente O Secretario

Asdo:

**ANEXO IV**

**PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017**

**CERTIFICADO DA RESOLUCIÓN OU ACORDO DE EXECUTAR DIRECTAMENTE AS OBRAS POLA PROPIA ADMINISTRACIÓN**

D/
na. ______________________________

Secretario(a) do Concello de ______________________________

CERTIFICO: que esta Entidade resolveu executar directamente, pola propia Administración, as obras cuxas circunstancias se expresan a continuación:

| I. EXECUCIÓN DA OBRA. | |
|---|---|
| 1. | OBRA<br>a) Denominación |
| | P.K<br>Do ó |
| 2. | MUNICIPIO<br>a) Denominación |
| 3. | SUPOSTO DO ARTIGO 24 TRLCSP |
| 4. | ÓRGANO AUTORIZANTE |
| 5. | DATA DE RESOLUCIÓN OU ACORDO |

| II. DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO | | | |
|---|---|---|---|
| PARTICIPES | **1<br>ORZAMENTO DO PROXECTO** | **2<br>IMPORTE DE EXECUCIÓN** | **3<br>BAIXA<br>(1-2)** |
| 1. Deputación Provincial | | | |
| 2. Concello | | | |
| 3. Outros | | | |
| **TOTAIS** | | | |

E para que así conste, e para a súa remisión a Excma. Deputación Provincial de Lugo, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en

a de de

Vº. e Prace
O Alcalde-Presidente

O Secretario

Asdo:

| PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 |
|---|

## ANEXO V

## DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O INVESTIMENTO

| | |
|---|---|
| CONCELLO: | |
| DATA DO INFORME | |
| NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE A DECLARACIÓN RESPONSABLE | |
| DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: | |
| ORZAMENTO DO INVESTIMENTO | |

De acordó co esixido nas bases reguladoras do Plan, emítese esta declaración responsable individual para o investimento indicado:

**AUTORIZACIÓNS**: (Deberá indicarse se precisa ou non da utorizacións, e no caso de seren precisas, detallaranse e acreditar documentalmente que o Concello conta con elas ou que as solicitou, xuntando os correspondentes documentos)

**SUPERVISIÓN TÉCNICA**: (Indicarase se é preceptivo realizar supervisión técnica do proxecto, de acordó co disposto no artigo 125 do TRLCSP. No caso de ser necesario indicarase por quen vai ser realizado, e se se solicita asistencia a esta Deputación para a súa realización remitirase unha copia do mesmo .

**FASES**: ( No caso de tratarse de fases, tramos, partes, ….. etc deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordó co establecido no artigo 86 do TRLCSP)

**ESTUDO XEOTÉCNICO**: (Deberá indicarse expresamente se é necesario ou que non é necesario por resultar incompatible coa natureza da obra)

**OUTRAS CUESTIÓNS**: (Deberá recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

En a de de 2017.

Asinado:

**PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017**

**ANEXO VI**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERROS**

| | |
|---|---|
| CONCELLO: | |
| DATA: | |
| NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A DECLARACIÓN RESPONSABLE | |
| DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: | |
| ORZAMENTO DO INVESTIMENTO | |

De acordó co esixido nas bases reguladoras do Plan, emítese esta declaración responsable individual para o investimento indicado:

**DECLARA**

Que para a execución das obras incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2107, o municipio ten a plena dispoñibilidade das bens e dereitos afectados polas mesmas (1)

**(1) sinalar, no seu caso, a referencia ao inventario, informe do Técnico autor do proxecto, acta de replanteo previo, informe ou certificación de secretaría.**

Para que así conste asino a presente declaración responsable en

Asinado:

## ANEXO VII.- ACHEGA PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017

| | PONDERACIÓN | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1.640.000,00 | 20% | 2.050.000,00 | 25% | 3.280.000,00 | 40% | 1.230.000,00 | 15 % | 8.200.000,00 | | |
| | SUPERFICIE (2011) | | ENTIDADES POBLACION(2015) | | POBLACIÓN (2016) | | INDICE ENVELLECEMETNO (2015) | | VARIABLE | MINIMO FIJO | TOTAL DEPUTACIÓN |
| CONCELLOS | S | EUROS | E.P. | EUROS | P | EUROS | IE | EUROS | EUROS | | |
| ABADIN | 196,0 | 37.142,23 | 197 | 48.791,83 | 2.559 | 47.718,11 | 627,20 | 27.821,27 | 161.473,44 | 150.000,00 € | 311.473,44 € |
| ALFOZ | 77,5 | 14.686,34 | 153 | 37.894,16 | 1.818 | 33.900,56 | 417,70 | 18.528,29 | 105.009,35 | 150.000,00 € | 255.009,35 € |
| ANTAS DE ULLA | 103,6 | 19.632,32 | 105 | 26.005,80 | 2.080 | 38.786,11 | 543,50 | 24.108,51 | 108.532,75 | 150.000,00 € | 258.532,75 € |
| BALEIRA | 168,8 | 31.987,80 | 119 | 29.473,24 | 1.333 | 24.856,68 | 473,20 | 20.990,15 | 107.307,87 | 150.000,00 € | 257.307,87 € |
| BARALLA | 141,2 | 26.757,57 | 103 | 25.510,45 | 2.660 | 49.601,47 | 478,90 | 21.242,99 | 123.112,48 | 150.000,00 € | 273.112,48 € |
| BARREIROS | 72,4 | 13.719,88 | 92 | 22.786,03 | 2.970 | 55.382,10 | 312,00 | 13.839,66 | 105.727,68 | 150.000,00 € | 255.727,68 € |
| BECERREA | 172,0 | 32.594,20 | 115 | 28.482,54 | 2.921 | 54.468,39 | 410,00 | 18.186,74 | 133.731,86 | 150.000,00 € | 283.731,86 € |
| BEGONTE | 126,8 | 24.028,75 | 103 | 25.510,45 | 3.115 | 58.085,94 | 427,20 | 18.949,69 | 126.574,83 | 150.000,00 € | 276.574,83 € |
| BOVEDA | 91,1 | 17.263,56 | 57 | 14.117,43 | 1.537 | 28.660,70 | 502,90 | 22.307,58 | 82.349,28 | 150.000,00 € | 232.349,28 € |
| BURELA | 7,8 | 1.478,11 | 1 | 247,67 | 9.552 | 178.117,77 | 89,80 | 3.983,34 | 183.826,89 | 150.000,00 € | 333.826,89 € |
| CARBALLEDO | 138,9 | 26.321,71 | 193 | 47.801,14 | 2.280 | 42.515,55 | 607,60 | 26.951,86 | 143.590,25 | 150.000,00 € | 293.590,25 € |
| CASTRO DE REI | 177,0 | 33.541,71 | 251 | 62.166,24 | 5.057 | 94.298,74 | 317,80 | 14.096,94 | 204.103,63 | 150.000,00 € | 354.103,63 € |
| CASTROVERDE | 174,1 | 32.992,15 | 117 | 28.977,89 | 2.726 | 50.832,19 | 404,60 | 17.947,20 | 130.749,43 | 150.000,00 € | 280.749,43 € |
| CERVANTES | 277,6 | 52.605,53 | 138 | 34.179,05 | 1.458 | 27.187,57 | 679,50 | 30.141,19 | 144.113,34 | 150.000,00 € | 294.113,34 € |
| CERVO | 77,9 | 14.762,14 | 65 | 16.098,83 | 4.295 | 80.089,60 | 224,60 | 9.962,78 | 120.913,35 | 150.000,00 € | 270.913,35 € |
| CORGO (O) | 157,3 | 29.808,53 | 181 | 44.829,04 | 3.581 | 66.775,52 | 416,70 | 18.483,93 | 159.897,03 | 150.000,00 € | 309.897,03 € |
| COSPEITO | 144,8 | 27.439,77 | 209 | 51.763,92 | 4.754 | 88.648,65 | 347,40 | 15.409,93 | 183.262,27 | 150.000,00 € | 333.262,27 € |
| CHANTADA | 176,7 | 33.484,86 | 280 | 69.348,80 | 8.431 | 157.214,29 | 239,60 | 10.628,15 | 270.676,10 | 150.000,00 € | 420.676,10 € |
| FOLGOSO DO COUREL | 193,3 | 36.630,58 | 47 | 11.640,69 | 1.060 | 19.766,00 | 930,60 | 41.279,45 | 109.316,72 | 150.000,00 € | 259.316,72 € |
| FONSAGRADA (A) | 438,5 | 83.096,26 | 278 | 68.853,45 | 3.768 | 70.262,54 | 610,00 | 27.058,31 | 249.270,57 | 150.000,00 € | 399.270,57 € |
| FOZ | 100,3 | 19.006,97 | 60 | 14.860,46 | 9.908 | 184.756,17 | 158,30 | 7.021,85 | 225.645,44 | 150.000,00 € | 375.645,44 € |
| FRIOL | 292,3 | 55.391,19 | 304 | 75.292,98 | 3.894 | 72.612,08 | 426,60 | 18.923,08 | 222.219,33 | 150.000,00 € | 372.219,33 € |
| GUITIRIZ | 294,0 | 55.713,34 | 310 | 76.779,03 | 5.495 | 102.466,20 | 276,50 | 12.264,96 | 247.223,53 | 150.000,00 € | 397.223,53 € |
| GUNTIN | 154,8 | 29.334,78 | 151 | 37.398,82 | 2.833 | 52.827,43 | 486,90 | 21.597,86 | 141.158,89 | 150.000,00 € | 291.158,89 € |
| INCIO (O) | 146,1 | 27.686,12 | 125 | 30.959,28 | 1.740 | 32.446,08 | 754,90 | 33.485,77 | 124.577,26 | 150.000,00 € | 274.577,26 € |
| LANCARA | 121,7 | 23.062,29 | 151 | 37.398,82 | 2.702 | 50.384,65 | 334,90 | 14.855,46 | 125.701,22 | 150.000,00 € | 275.701,22 € |
| LOURENZA | 62,6 | 11.862,77 | 89 | 22.043,01 | 2.259 | 42.123,96 | 291,00 | 12.908,15 | 88.937,89 | 150.000,00 € | 238.937,89 € |
| LUGO | 329,8 | 62.497,49 | 320 | 79.255,77 | 98.268 | 1.832.420,15 | 115,90 | 5.141,08 | 350.000,00 | 150.000,00 € | 500.000,00 € |
| MEIRA | 46,6 | 8.830,75 | 39 | 9.659,30 | 1.747 | 32.576,61 | 235,40 | 10.441,85 | 61.508,51 | 150.000,00 € | 211.508,51 € |
| MONDOÑEDO | 142,7 | 27.041,82 | 103 | 25.510,45 | 3.820 | 71.232,19 | 322,70 | 14.314,29 | 138.098,75 | 150.000,00 € | 288.098,75 € |
| MONFORTE DE LEMOS | 199,5 | 37.805,48 | 232 | 57.460,43 | 18.922 | 352.841,76 | 205,30 | 9.106,68 | 350.000,00 | 150.000,00 € | 500.000,00 € |
| MONTERROSO | 114,6 | 21.716,83 | 115 | 28.482,54 | 3.741 | 69.759,06 | 252,90 | 11.218,11 | 131.176,55 | 150.000,00 € | 281.176,55 € |
| MURAS | 163,8 | 31.040,29 | 189 | 46.810,44 | 668 | 12.456,31 | 658,10 | 29.191,93 | 119.498,97 | 150.000,00 € | 269.498,97 € |
| NAVIA DE SUARNA | 242,6 | 45.972,98 | 102 | 25.262,78 | 1.186 | 22.115,54 | 919,50 | 40.787,08 | 134.138,39 | 150.000,00 € | 284.138,39 € |
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 72,3 | 13.700,93 | 31 | 7.677,90 | 215 | 4.009,14 | 302,10 | 13.400,52 | 38.788,50 | 150.000,00 € | 188.788,50 € |
| NOGAIS (AS) | 110,3 | 20.901,98 | 54 | 13.374,41 | 1.161 | 21.649,36 | 464,70 | 20.613,11 | 76.538,87 | 150.000,00 € | 226.538,87 € |
| OUROL | 142,1 | 26.928,12 | 230 | 56.965,08 | 1.034 | 19.281,17 | 691,80 | 30.686,79 | 133.861,16 | 150.000,00 € | 283.861,16 € |
| OUTEIRO DE REI | 134,2 | 25.431,06 | 172 | 42.599,98 | 5.043 | 94.037,68 | 186,00 | 8.250,57 | 170.319,28 | 150.000,00 € | 320.319,28 € |
| PALAS DE REI | 199,7 | 37.843,38 | 298 | 73.806,93 | 3.554 | 66.272,04 | 380,20 | 16.864,87 | 194.787,23 | 150.000,00 € | 344.787,23 € |
| PANTON | 143,2 | 27.136,57 | 202 | 50.030,20 | 2.620 | 48.855,59 | 709,70 | 31.480,80 | 157.503,16 | 150.000,00 € | 307.503,16 € |
| PARADELA | 121,1 | 22.948,59 | 141 | 34.922,07 | 1.887 | 35.187,21 | 478,50 | 21.225,25 | 114.283,13 | 150.000,00 € | 264.283,13 € |
| PARAMO (O) | 74,8 | 14.174,69 | 99 | 24.519,75 | 1.456 | 27.150,28 | 364,30 | 16.159,58 | 82.004,30 | 150.000,00 € | 232.004,30 € |
| PASTORIZA (A) | 175,0 | 33.162,71 | 176 | 43.590,67 | 3.212 | 59.894,71 | 320,60 | 14.221,14 | 150.869,23 | 150.000,00 € | 300.869,23 € |
| PEDRAFITA DO CEBREIRO | 104,9 | 19.878,67 | 53 | 13.126,74 | 1.088 | 20.288,12 | 860,60 | 38.174,40 | 91.467,93 | 150.000,00 € | 241.467,93 € |
| POBRA DO BROLLON (A) | 176,7 | 33.484,86 | 88 | 21.795,34 | 1.752 | 32.669,84 | 627,90 | 27.852,32 | 115.802,36 | 150.000,00 € | 265.802,36 € |
| POL | 125,9 | 23.858,20 | 111 | 27.491,84 | 1.696 | 31.625,60 | 385,30 | 17.091,10 | 100.066,74 | 150.000,00 € | 250.066,74 € |
| PONTENOVA (A) | 135,8 | 25.734,26 | 67 | 16.594,18 | 2.402 | 44.790,50 | 418,90 | 18.581,52 | 105.700,46 | 150.000,00 € | 255.700,46 € |
| PORTOMARIN | 115,1 | 21.811,58 | 101 | 25.015,10 | 1.528 | 28.492,88 | 486,60 | 21.584,55 | 96.904,11 | 150.000,00 € | 246.904,11 € |
| QUIROGA | 317,4 | 60.147,67 | 119 | 29.473,24 | 3.354 | 62.542,61 | 442,70 | 19.637,24 | 171.800,76 | 150.000,00 € | 321.800,76 € |
| RABADE | 5,2 | 985,41 | 1 | 247,67 | 1.521 | 28.362,35 | 214,80 | 9.528,08 | 39.123,50 | 150.000,00 € | 189.123,50 € |
| RIBADEO | 108,9 | 20.636,68 | 135 | 33.436,03 | 9.972 | 185.949,58 | 147,60 | 6.547,22 | 246.569,51 | 150.000,00 € | 396.569,51 € |
| RIBAS DE SIL | 67,8 | 12.848,18 | 45 | 11.145,34 | 992 | 18.497,99 | 557,30 | 24.720,65 | 67.212,17 | 150.000,00 € | 217.212,17 € |
| RIBEIRA DE PIQUIN | 73,0 | 13.833,59 | 38 | 9.411,62 | 570 | 10.628,89 | 727,80 | 32.283,67 | 66.157,77 | 150.000,00 € | 216.157,77 € |
| RIOTORTO | 66,3 | 12.563,93 | 64 | 15.851,15 | 1.322 | 24.651,56 | 474,90 | 21.065,56 | 74.132,20 | 150.000,00 € | 224.132,20 € |
| SAMOS | 136,8 | 25.923,76 | 111 | 27.491,84 | 1.392 | 25.956,86 | 620,90 | 27.541,82 | 106.914,28 | 150.000,00 € | 256.914,28 € |
| SARRIA | 184,6 | 34.981,92 | 263 | 65.138,34 | 13.337 | 248.697,31 | 187,30 | 8.308,23 | 350.000,00 | 150.000,00 € | 500.000,00 € |
| SAVIÑAO (O) | 196,6 | 37.255,93 | 262 | 64.890,66 | 3.926 | 73.208,79 | 535,70 | 23.762,52 | 199.117,91 | 150.000,00 € | 349.117,91 € |
| SOBER | 133,4 | 25.279,46 | 222 | 54.983,69 | 2.375 | 44.287,03 | 581,00 | 25.771,94 | 150.322,11 | 150.000,00 € | 300.322,11 € |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TABOADA | 146,7 | 27.799,82 | 184 | 45.572,07 | 2.928 | 54.598,92 | 518,50 | 22.999,57 | 150.970,37 | **150.000,00 €** | **300.970,37 €** |
| TRABADA | 82,7 | 15.671,75 | 122 | 30.216,26 | 1.133 | 21.127,24 | 441,60 | 19.588,45 | 86.603,70 | **150.000,00 €** | **236.603,70 €** |
| TRIACASTELA | 51,2 | 9.702,46 | 29 | 7.182,55 | 680 | 12.680,08 | 358,20 | 15.889,00 | 45.454,09 | **150.000,00 €** | **195.454,09 €** |
| VALADOURO (O) | 110,4 | 20.920,93 | 183 | 45.324,39 | 2.016 | 37.592,70 | 332,40 | 14.744,56 | 118.582,58 | **150.000,00 €** | **268.582,58 €** |
| VICEDO (O) | 76,0 | 14.402,09 | 117 | 28.977,89 | 1.802 | 33.602,20 | 320,90 | 14.234,45 | 91.216,63 | **150.000,00 €** | **241.216,63 €** |
| VILALBA | 379,4 | 71.896,74 | 473 | 117.149,93 | 14.487 | 270.141,56 | 213,60 | 9.474,85 | 350.000,00 | **150.000,00 €** | **500.000,00 €** |
| VIVEIRO | 109,3 | 20.712,48 | 248 | 61.423,22 | 15.615 | 291.175,57 | 157,70 | 6.995,24 | 350.000,00 | **150.000,00 €** | **500.000,00 €** |
| XERMADE | 166,3 | 31.514,05 | 200 | 49.534,86 | 1.943 | 36.231,45 | 397,90 | 17.650,01 | 134.930,36 | **150.000,00 €** | **284.930,36 €** |
| XOVE | 89,1 | 16.884,55 | 80 | 19.813,94 | 3.376 | 62.952,85 | 201,10 | 8.920,37 | 108.571,72 | **150.000,00 €** | **258.571,72 €** |
| **TOTALES** | **9856,9** | **1.867.894,11** | **9.813** | **2.430.427,69** | **336.527** | **6.275.276,35** | **28.608,80** | **1.269.026,07** | **9.950.000,00** | **10.050.000,00 €** | **20.000.000,00 €** |

**ANEXO VIII-A. ACHEGA DA DEPUTACIÓN AO POS 2016.**

Os concellos viñan obrigados a aportar o 25% da achega da deputación, que foi a que se adxunta.

| CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN |
|---|---|
| ABADIN | 61.300,80 € |
| ALFOZ | 53.475,60 € |
| ANTAS DE ULLA | 45.650,40 € |
| BALEIRA | 48.258,80 € |
| BARALLA | 48.258,80 € |
| BARREIROS | 45.650,40 € |
| BECERREA | 50.867,20 € |
| BEGONTE | 48.258,80 € |
| BOVEDA | 40.433,60 € |
| BURELA | 37.825,20 € |
| CARBALLEDO | 58.692,40 € |
| CASTRO DE REI | 69.126,00 € |
| CASTROVERDE | 50.867,20 € |
| CERVANTES | 53.475,60 € |
| CERVO | 45.650,40 € |
| CORGO (O) | 58.692,40 € |
| COSPEITO | 63.909,20 € |
| CHANTADA | 74.342,80 € |
| FOLGOSO DO COUREL | 40.433,60 € |
| FONSAGRADA (A) | 74.342,80 € |
| FOZ | 45.650,40 € |
| FRIOL | 76.951,20 € |
| GUITIRIZ | 76.951,20 € |
| GUNTIN | 53.475,60 € |
| INCIO (O) | 50.867,20 € |
| LANCARA | 53.475,60 € |
| LOURENZA | 45.650,40 € |
| LUGO | 129.119,20 € |
| MEIRA | 37.825,20 € |
| MONDOÑEDO | 48.258,80 € |
| MONFORTE DE LEMOS | 74.342,80 € |
| MONTERROSO | 48.258,80 € |
| MURAS | 58.692,40 € |
| NAVIA DE SUARNA | 48.258,80 € |
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 40.433,60 € |
| NOGAIS (AS) | 40.433,60 € |
| OUROL | 63.909,20 € |

| | |
|---|---|
| OUTEIRO DE REI | 58.692,40 € |
| PALAS DE REI | 74.342,80 € |
| PANTON | 61.300,80 € |
| PARADELA | 50.867,20 € |
| PARAMO (O) | 45.650,40 € |
| PASTORIZA (A) | 58.692,40 € |
| PEDRAFITA DO CEBREIRO | 40.433,60 € |
| POBRA DO BROLLON (A) | 45.650,40 € |
| POL | 48.258,80 € |
| PONTENOVA (A) | 43.042,00 € |
| PORTOMARIN | 45.650,40 € |
| QUIROGA | 53.475,60 € |
| RABADE | 32.608,40 € |
| RIBADEO | 56.084,00 € |
| RIBAS DE SIL | 37.825,20 € |
| RIBEIRA DE PIQUIN | 37.825,20 € |
| RIOTORTO | 40.433,60 € |
| SAMOS | 48.258,80 € |
| SARRIA | 74.342,80 € |
| SAVIÑAO (O) | 69.126,00 € |
| SOBER | 61.300,80 € |
| TABOADA | 58.692,40 € |
| TRABADA | 48.258,80 € |
| TRIACASTELA | 35.216,80 € |
| VALADOURO (O) | 56.084,00 € |
| VICEDO (O) | 48.258,80 € |
| VILALBA | 105.643,60 € |
| VIVEIRO | 74.342,80 € |
| XERMADE | 61.300,80 € |
| XOVE | 48.258,80 € |

**ANEXO VIII- B. IMPORTES ASIGNADOS A SAF 2016**

| Concello | Importe máximo asignado |
|---|---|
| Abadín | 25.107,27 € |
| Alfoz | 23.062,85 € |
| Antas de Ulla | 22.722,10 € |
| Baleira | 22.722,10 € |
| Baralla | 22.381,37 € |
| Barreiros | 21.018,43 € |
| Becerreá | 22.040,64 € |
| Begonte | 22.040,64 € |
| Bóveda | 21.699,90 € |
| Burela | 16.588,84 € |
| Carballedo | 24.425,80 € |
| Castro de Rei | 24.085,05 € |
| Castroverde | 22.040,64 € |
| Cervantes | 23.744,32 € |
| Cervo | 18.974,00 € |
| Chantada | 25.107,27 € |
| O Corgo | 22.381,37 € |
| Cospeito | 23.744,32 € |
| Folgoso do Courel | 22.381,37 € |
| A Fonsagrada | 26.470,22 € |
| Foz | 19.314,74 € |
| Friol | 25.788,74 € |
| Guitiriz | 24.766,53 € |
| Guntín | 23.062,85 € |
| O Incio | 24.085,06 € |
| Láncara | 22.381,37 € |
| Lourenzá | 21.018,43 € |
| Lugo | 0,00€ |
| Meira | 19.314,74 € |

| Concello | Importe máximo asignado |
|---|---|
| Mondoñedo | 21.699,90 € |
| Monforte de Lemos | 23.744,32 € |
| Monterroso | 21.359,16 € |
| Muras | 24.766,53 € |
| Navia de Suarna | 24.425,80 € |
| Negueira de Muñíz | 19.314,74 € |
| As Nogais | 21.699,90 € |
| Ourol | 26.470,22 € |
| Outeiro de Rei | 21.359,16 € |
| Palas de Rei | 25.788,74 € |
| Pantón | 25.788,74 € |
| Paradela | 23.062,85 € |
| O Páramo | 21.699,90 € |
| A Pastoriza | 23.062,85 € |
| Pedrafita do Cebreiro | 22.040,64 € |
| A Pobra do Brollón | 24.085,06 € |
| Pol | 22.040,64 € |
| A Pontenova | 21.359,16 € |
| Portomarín | 22.381,37 € |
| Quiroga | 23.062,85 € |
| Rábade | 18.292,53 € |
| Ribadeo | 20.677,69 € |
| Ribas de Sil | 22.040,64 € |
| Ribeira de Piquín | 22.381,37 € |
| Riotorto | 22.040,64 € |
| Samos | 22.722,10 € |
| Sarria | 23.403,58 € |
| O Saviñao | 26.129,48 € |
| Sober | 26.129,48 € |
| Taboada | 24.425,80 € |

| Concello | Importe máximo asignado |
|---|---|
| Trabada | 22.040,64 € |
| Triacastela | 19.655,48 € |
| O Valadouro | 23.062,85 € |
| O Vicedo | 21.699,90 € |
| Vilalba | 27.833,17 € |
| Viveiro | 22.722,10 € |
| Xermade | 23.403,58 € |
| Xove | 19.655,48 € |
| **Importe total** | **1.500.000,00 €** |

**ANEXO VIII-C. ACHEGAS 2016 - DEPUEMPREGO**

| **CONCELLOS** | TOTAL |
|---|---|
| ABADIN | 51.470,60 € |
| ALFOZ | 44.251,35 € |
| ANTAS DE ULLA | 39.438,50 € |
| BALEIRA | 41.844,92 € |
| BARALLA | 39.438,50 € |
| BARREIROS | 39.438,50 € |
| BECERREA | 41.844,92 € |
| BEGONTE | 39.438,50 € |
| BOVEDA | 34.625,67 € |
| BURELA | 29.812,83 € |
| CARBALLEDO | 51.470,59 € |
| CASTRO DE REI | 58.689,84 € |
| CASTROVERDE | 41.844,92 € |
| CERVANTES | 44.251,34 € |
| CERVO | 37.032,09 € |
| CORGO (O) | 49.064,17 € |
| COSPEITO | 53.877,01 € |
| CHANTADA | 65.909,09 € |
| FOLGOSO DO COUREL | 32.219,25 € |
| FONSAGRADA (A) | 63.502,67 € |
| FOZ | 37.032,09 € |
| FRIOL | 65.909,09 € |
| GUITIRIZ | 68.315,51 € |
| GUNTIN | 46.657,75 € |
| INCIO (O) | 41.844,92 € |
| LANCARA | 46.657,75 € |
| LOURENZA | 37.032,09 € |
| MEIRA | 32.219,25 € |
| MONDOÑEDO | 41.844,92 € |
| MONFORTE DE LEMOS | 63.502,67 € |
| MONTERROSO | 41.844,92 € |
| MURAS | 49.064,17 € |
| NAVIA DE SUARNA | 39.438,50 € |
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 29.812,83 € |
| NOGAIS (AS) | 32.219,25 € |
| OUROL | 53.877,01 € |
| OUTEIRO DE REI | 49.064,17 € |
| PALAS DE REI | 63.502,67 € |
| PANTON | 51.470,59 € |
| PARADELA | 44.251,34 € |
| PARAMO (O) | 39.438,50 € |
| PASTORIZA (A) | 49.064,17 € |
| PEDRAFITA DO CEBREIRO | 32.219,25 € |

| | |
|---|---|
| POBRA DO BROLLON (A) | 39.438,50 € |
| POL | 39.438,50 € |
| PONTENOVA (A) | 34.625,67 € |
| PORTOMARIN | 39.438,50 € |
| QUIROGA | 44.251,34 € |
| RABADE | 27.406,42 € |
| RIBADEO | 46.657,75 € |
| RIBAS DE SIL | 32.219,25 € |
| RIBEIRA DE PIQUIN | 29.812,83 € |
| RIOTORTO | 34.625,67 € |
| SAMOS | 39.438,50 € |
| SARRIA | 65.909,09 € |
| SAVIÑAO (O) | 61.096,26 € |
| SOBER | 53.877,01 € |
| TABOADA | 49.064,17 € |
| TRABADA | 41.844,92 € |
| TRIACASTELA | 29.812,83 € |
| VALADOURO (O) | 49.064,17 € |
| VICEDO (O) | 41.844,92 € |
| VILALBA | 92.379,68 € |
| VIVEIRO | 63.502,67 € |
| XERMADE | 51.470,59 € |
| XOVE | 37.032,09 € |